



## Concello de Baralla

---

# BANDO

D. MIGUEL GONZÁLEZ PIÑEIRO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BARALLA (LUGO).

### FAI SABER:

Que o venres día **24 de maio de 2024, ás 19:00 horas (SETE DA TARDE)**, no salón de Actos do Centro Socio Cultural e Xuvenil vaise impartir unha charla relativa **ao PLAN DE SEGURIDADE DA COMANDANCIA DA GARDA CIVIL DE LUGO.**

A finalidade desta charla é dar unha serie de **CONSELLOS SOBRE PREVENCIÓN E MELLORA DA SEGURIDADE DOS NOSOS MAIORES.**

Entre outras temáticas falarase das precaucións en materia de seguridade cidadá que debemos tomar cando imos pola rúa, á saída de establecementos públicos ou entidades bancarias; prevención de estafas en internet á hora de realizar compras ou coñecer xente ou as primeiras medidas que debemos adoptar ante a desaparición dunha persoa maior, seguridade nas nosas vivendas, incendios, roubos, malos tratos, etc.

**PARA MELLORAR A TÚA SEGURIDADE, É MOI IMPORTANTE QUE ASISTAS.**

Baralla, 13 de maio de 2024

O ALCALDE

Asdo. Miguel González Piñeiro

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

---

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221

